

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MALPICA PARA O AUXILIO E CONTROL DA PRÁCTICA DA PESCA DEPORTIVA E DE LECER NAS INSTALACIONS DO PORTO DE MALPICA

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Malpica o convenio arriba referenciado, por un período vixencia de catro anos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

### 1. Antecedentes e razóns de oportunidade

De acordo coa normativa vixente aplicable aos portos e instalacións portuarias e marítimas que sexan da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, está xenericamente prohibida a pesca desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias.

Sendo esta a norma xeral, tanto a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, que tipifica esta actividade como infracción administrativa en materia de portos no seu artigo 131.v), como o artigo 64.c) do Regulamento de servizo e policía portuarios en vigor aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, que prohíbe realizar esta actividade secundaria, prevén como excepción que permita levantar a dita prohibición que a realización da actividade estea expresamente autorizada.

Polo tanto, Portos de Galicia, en uso dunha potestade administrativa de policía e intervención legalmente atribuída, pode permitir aos particulares o exercicio desta actividade, logo da comprobación mediante declaración responsable do interesado do cumprimento dos requisitos establecidos para tal autorización.

Como é sabido, arredor dun 60 por cento da poboación total das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalación portuarias, instalacións esencialmente destinadas á realización de actividades acordadas cos usos portuarios ou complementarios e auxiliares destes tal e como se definen na normativa vixente, pero que pola súa tipoloxía e por estaren en moitas ocasións directamente enraizadas nas vilas e pobos onde se atopan, integradas de feito na súa paisaxe urbana, constitúen tamén espazos en que, con carácter excepcional, se poden admitir outros usos non estritamente portuarios sempre que resulten compatibles con estes, non existan restricións específicas relativas á seguridade ou á protección do ambiente e non prexudiquen as operacións de tráfico portuario u outras actividades portuarias, tal como acontece coa celebración de actividades e certames diversos de tipo cultural ou deportivo, ou coa celebración de mercados tradicionais e, entre as ditas actividades, constitúe unha aspiración longamente pretendida polo sector da pesca recreativa que se permita a práctica desta actividade nas zonas portuarias.

En coherencia co anterior, por Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 26 de xullo de 2021, D.O.G. do 6 de agosto, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021, D.O.G. do 19 de agosto, acordouse autorizar a realización da actividade de pesca marítima de recreo en superficie nas zonas habilitadas dos portos e instalacións que se recollen no anexo III da presente resolución, baixo o estrito cumprimento das condicións que se insiren nesta





resolución, e levantar, para tal efecto, a prohibición xeral establecida no artigo 131 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, para esta actividade concreta. A este efecto estableceuse o procedemento de declaración responsable para a práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo dos portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (procedemento IF502A).

Colectivos e asociacións de veciños e practicantes da pesca deportiva, veñen manifestando ante Portos de Galicia a petición de que se habiliten mais espazos a maiores dentro do porto de Malpica dos xa autorizados actualmente pola dita Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 26 de xullo de 2021. Interesan de Portos de Galicia, que se permita a práctica da pesca deportiva ou recreativa en zonas dos portos onde se desenvolven actividades portuarias que conforme ao Anexo III da devandita resolución de xullo de 2021, teñen a cualificación a efectos desta a práctica da pesca deportiva e de lecer; fundamentan tal interese en que respecto destas zonas a actividade e operativa portuaria cesa en determinados días, xeralmente no fin de semana e festivos, así como en determinadas horas do día, polo que coa aplicación dun control especial dos días e horas de parada de actividade portuaria nestas zonas actualmente non permitidas para a pesca, resultaría posible autorizar esta pesca precisamente durante tal parada de actividade.

Dada a especificidade e intensidade dos riscos que presentan estas zonas agora establecidas como non permitidas para a práctica da pesca deportiva e de lecer, resulta preciso establecer un especial control sobre estas para o caso de que se autorice dita pesca nelas en días e franxas horarias concretas. Control especial para o que mediando o auxilio do Concello podería levarse a cabo e así autorizar puntualmente nos termos deste acordo a práctica da pesca deportiva e recreativa desde terra, nestas zonas.

Neste sentido apuntado de que os Concellos aporten a súa cooperación e auxilio para a aplicación efectiva do control especial das referidas zonas do porto, cómpre sinalar que, conforme ao artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e cos artigos 80.2.n) e 86 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos dentro dos seus fins de promoción do ocio e da práctica deportiva teñen competencias no estudo, proposta, desenvolvemento de todo tipo de iniciativas destinadas a promover, difundir, e fomentar os valores e a práctica do deporte así como a práctica de actividades saudables na ocupación do tempo libre e de lecer por parte dos cidadáns, podendo tamén desenvolver actividades complementarias doutras administracións nestas materias.

Atendendo pois ao tratado co Concello de Malpica e o interese manifestado por asociacións e colectivos veciñais e de usuarios.

## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Malpica para o auxilio e control da práctica da pesca recreativa e/ou deportiva no porto de Malpica, autorizando aquela nos espazos definidos no ámbito e zonas sinalizadas a tal efecto no plano anexo a este convenio e con suxeición ao disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e á Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2021, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021.





Conforme ao indicado no párrafo anterior, as zonas de aplicación da práctica da pesca recreativa ou deportiva con caña dentro do recinto do porto de Malpica levarase a cabo nos lugares seguintes e que se figuran no plano adxunto no Anexo I deste acordo:

- Cantil ou borde terrestre portuario á lámina de auga cor VERDE: permitida a práctica da pesca recreativa
- Cantil ou borde terrestre portuario limítrofe con lámina de auga cor VERMELLO: non permitida a práctica da pesca recreativa
- Cantil ou borde terrestre portuario limítrofe con lámina de auga cor AZUL: zona conveniada co concello e coas seguintes restricións NON PERMITIDO AGAS os días e intervalos indicados nos planos có seguintes horarios:
  - Das 21 horas dos venres ás 06 horas dos luns.

Estas zonas amparadas no convenio de cooperación, estarán catalogadas como zonas controladas de pesca recreativa ou deportiva con caña. En todo caso deberanse cumprir os requisitos das condicións xerais establecidas na resolución de levantamento da prohibición de pesca nos portos.

Quedan expresamente excluídas a práctica da pesca deportiva e de lecer nas zonas de cantís dos peiraos destinados a atraque de embarcacións, zonas de operativa de maquinaria, ámbito de actividade de grúas, travelift, e demais zonas de actividade portuaria, fora dos intervalos e condicións sinalados nesta cláusula, quedando expresa e terminantemente prohibido o acceso e tránsito por escolleiras e espaldóns e a pesca sobre embarcacións na lámina de auga.

O Concello de Malpica asume a vixilancia, medidas preventivas, control, aplicación e cumprimento polos pescadores, nas zonas indicadas na cláusula anterior, dos intervalos e días habilitados sinalados nestas, das condicións establecidas neste convenio así como do conxunto de normas dimanantes do presente Acordo, particularmente no relativo as condicións da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2021, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021.

A este efecto, por medio dos seus axentes e servizos propios, procederá a xirar rondas de control, vixilancia que serán como mínimo, no inicio e fin de cada intervalo horario e nos días indicados como habilitados, nas zonas sinaladas para a pesca deportiva e de lecer neste convenio. Asemade deberá tomar as medidas preventivas de tipo colectivo que se establecen particularmente neste convenio -en anexo a este-, entre elas as de valado e/ou sinalización de zonas, identificación de persoas que accedan para a práctica da pesca.

O Concello de Malpica reconece expresamente a identificación, localización concreta, condicións básicas de operatividade portuaria e riscos concorrentes das zonas que se habilitan para o exercicio da pesca deportiva e de lecer obxecto deste convenio. No momento en que teña coñecemento de calquera suposto ou incidencia que implique calquera circunstancia que por razón de seguridade das persoas e bens, para a explotación e utilización para os espazos portuarios, aconselle a adopción de medidas específicas por tales causas, incluso a suspensión da práctica da pesca deportiva ou de lecer, con caña e desde terra, e farao saber inmediatamente e con constancia da notificación, á Portos de Galicia, indicando con detalle as súas causas e efectos, podendo cautelarmente desaloxala zona portuaria.





Sen prexuízo das competencias portuarias o Concello de Malpica ao abeiro deste convenio e das competencias que lles son propias poderá denunciar e elevar a Portos de Galicia as infraccións que constate en relación as condicións da practica recreativa ou deportiva obxecto deste convenio.

Portos de Galicia acorda autorizar a práctica da pesca deportiva ou recreativa no ámbito da ocupación do dominio público portuario nos termos deste acordo e da Resolución da Presidencia de Portos de Galicia, do 25 de maio de 2022 pola que se modifica a do 26 de xullo de 2021, aclarada por cédula do 13 de agosto de 2021.

Esta autorización de Portos de Galicia, non implica a perda das facultades de xestión e explotación, nin de control e policía administrativa que lle competen legalmente a Portos de Galicia, nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e instalacións portuarias do porto de Malpica.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Malpica.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Roi Fernández Añón

